



Notifica os accidentes causados por
instrumentos cortopunzantes

Notifica os accidentes causados por instrumentos cortopunzantes

O pasado 31 de xullo, o BOE publicou a orde ministerial pola que se establecen as disposicións para a prevención de lesións causadas

■ ■ ■ por instrumentos cortantes e punzantes

O proceso de transposición da Directiva europea foi longo e custoso, remóntase a catro anos atrás, o 31 de xullo de 2009, cando os interlocutores sociais europeos asinaron o texto do Acordo marco para a prevención das lesións causadas por instrumentos cortantes e punzantes no sector hospitalario e sanitario. O 10 de maio de 2010, o Consello Europeo aprobou a dita directiva.

A transposición da Directiva 2010/32/UE ao dereito español contou coa participación dos axentes sociais, e a posición de CCOO foi moi activa en todo o proceso. Intentouse incluír na negociación o Ministerio de Sanidade, como maior empregador no sector sanitario, ademais da participación das organizacións empresariais do sector. A escasa vontade dos gobernos do PSOE e do PP provocou a transposición mediante orden ministerial e non por real decreto, como debería facerse.

O Ministerio de Emprego e Seguridade Social, con quen se negociou a transposición, obviou o sector sociosanitario e negouse a incluílo no ámbito da orde ministerial. Sector con miles de traballadoras e traballadores que conviven acotío co risco de sufrir unha lesión causada por instrumentos cortopunzantes. Aínda que deberíamos incluílos nas avaliacións de risco ao existir contacto con axentes biolóxicos, posto que a orde ministerial desenvolve o RD 664/1997, do 12 de maio, sobre a protección dos traballadores/as contra os riscos relacionados coa exposición a axentes biolóxicos.

Agora será o Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo o que deberá actualizar a guía técnica para a avaliación dos riscos relacionados coa exposición a axentes biolóxicos durante o traballo.

10 Recomendacións de utilización de instrumentos cortopunzantes



Deberanse manexar con extraordinario coidado as agullas e os instrumentos cortantes usados.



As precaucións deberan adoptarse durante e despois da súa utilización, ao limpálos e ao eliminalos.



Unha vez utilizadas, as agullas non deben ser sometidas a manipulación ningunha.



Para eliminar as agullas, xiringas e outros instrumentos cortantes ou punzantes, deben colocarse en envases regulamentarios resistentes á punción, que estarán localizados na zona onde se vaian utilizar.



Nunca se encherán os envases totalmente, xa que as agullas que sobresaen dos contedores constitúen un risco importante para as persoas que as manexan.



Sempre que sexa posible, o persoal sanitario que utilice instrumentos cortantes ou punzantes debe depositalos persoalmente no recipiente adecuado.



Nunca se deixarán abandonados estes obxectos cortantes ou punzantes sobre unha superficie, xa que existe risco de que outros traballadores sufran accidentes.



Isto é especialmente necesario tras intervencións realizadas xunta o leito da persoa enferma (p. ex. toracocentese, extracción de mostras de sangue arterial para gases, etc.), xa que o individuo que manexa un instrumento coñece mellor a situación e cantidade do equipo utilizado, co que se evita o risco de exposición doutros traballadores.



Terase especial coidado en que non haxa obxectos cortantes ou punzantes na roupa que vaia á lavandería, xa que poden causar accidentes ao persoal que a manipule.



Nunca se depositarán obxectos cortantes ou punzantes nas bolsas de plástico situadas nos cubos do lixo.